



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DA BAÑA NO ANO 2022 E DAS BASES XERAIS QUE REXERÁN AS CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS Ó ABEIRO DA LEI 20/2021 DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Expte. TEDEC: 2022/X999/000011 (O. P. E.).

Expte. TEDEC: 2022/G003/000226 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que en data de 15/02/2022, o señor Alcalde do Concello da Baña, don Jose Andrés García Cardeso, ordena iniciar un expediente administrativo para a redacción, negociación e aprobación dunha Oferta Pública de Emprego Extraordinaria para o ano 2022 ó abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Visto que ós efectos da correcta tramitación de dito expediente, procedeuse a elaborar o proxecto de bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello da Baña incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Visto que en data 21 de febreiro de 2022, someteuse dito proxecto, con carácter previo á súa aprobación e posterior publicación, á negociación e debate na Mesa Xeral de Negociación deste Concello, á que acudiron os seguintes sindicatos: CSIF, CC.OO. e UGT.

Visto que nas datas 7 de marzo de 2022 e 4 de abril de 2022, teñen lugar a segunda e a terceira sesión da referida Mesa Xeral de Negociación deste Concello, ás que acuden as mesmas representacións sindicais, acadándose na terceira sesión un texto consensuado e aceptado por tódalas partes relativo ás bases xerais do proceso selectivo de estabilización extraordinaria para o 2022, así como unha serie de acordos complementarios.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que todo o anterior realízase en aplicación dos artigos 36.3 e 37.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e outros concordantes.

Visto que na instrución do presente expediente, tense en conta o recollido na *"Resolución de la Secretaría de Estado de Función Pública sobre las orientaciones para la puesta en marcha de los procesos de estabilización derivados de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público"*.

Visto que no seo da referida negociación das bases xerais que rexerán as convocatorias específicas ó abeiro da lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, acadáronse, por unanimidade das partes, os seguintes acordos complementarios:

- O Concello da Baña ofertará ó seu persoal formación complementaria ás súas funcións dunha duración de ata 50 horas.
- A aprobación, na maior brevidade posible, dunha Relación de Postos de Traballo e dun Convenio Colectivo que permita a estabilidade do persoal ó servizo desta entidade, a catalogación dos postos de traballo ó cal adherir as prazas e a existencia de grupos abertos que optimicen a xestión do persoal ó servizo do Concello da Baña.

Visto que o número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Persoal laboral:

DENOMINACIÓN DAS PRAZAS	NÚMERO DE PRAZAS	TIPOS DE XORNADA	CATEGORÍAS
Administrativo de contabilidade	1	Completa	Grupo II Nivel 4
Animadora cultural	1	Parcial	Grupo I Nivel 2
Animador deportivo	1	Completa	Grupo 3 Nivel 2
Auxiliar administrativo	3	Completa	Grupo II Nivel 7
Auxiliar de Axuda no Fogar	2	Completa	Grupo C Auxiliar Axuda a domicilio
Auxiliar de Axuda no Fogar	5	Parcial	Grupo C Auxiliar Axuda a domicilio
Condutor Servizos Sociais	1	Completa	Grupo VI Nivel 8
Educadora Familiar	1	Completa	Grupo I Nivel 1
Limpadora	2	Completa	Grupo VI Nivel 10
Profesor de música	2	Parcial	Grupo III Nivel 5
Responsable Oficina de Información Xuvenil	1	Completa	Grupo I Nivel 2
Subalerno colexio	1	Completa	Grupo V Nivel 9
Subalerno polideportivo	1	Completa	Grupo V Nivel 9
Técnico de Atención á Infancia	2	Completa	Grupo III Nivel 5
Técnico Normalización Lingüística	1	Completa	Grupo I Nivel 1
Tractorista operario	3	Completa	Grupo VI Nivel 8



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto o informe de secretaria-intervencion obrante no expediente.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a Oferta Pública de Emprego extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Concello da Baña no ano 2022. O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Persoal laboral:

DENOMINACIÓN DAS PRAZAS	NÚMERO DE PRAZAS	TIPOS DE XORNADA	CATEGORÍAS
Administrativo de contabilidade	1	Completa	Grupo II Nivel 4
Animadora cultural	1	Parcial	Grupo I Nivel 2
Animador deportivo	1	Completa	Grupo 3 Nivel 2
Auxiliar administrativo	3	Completa	Grupo II Nivel 7
Auxiliar de Axuda no Fogar	2	Completa	Grupo C Auxiliar Axuda a domicilio
Auxiliar de Axuda no Fogar	5	Parcial	Grupo C Auxiliar Axuda a domicilio
Condutor Servizos Sociais	1	Completa	Grupo VI Nivel 8
Educadora Familiar	1	Completa	Grupo I Nivel 1
Limpadora	2	Completa	Grupo VI Nivel 10
Profesor de música	2	Parcial	Grupo III Nivel 5
Responsable Oficina de Información Xuvenil	1	Completa	Grupo I Nivel 2
Subalerno colexio	1	Completa	Grupo V Nivel 9
Subalerno polideportivo	1	Completa	Grupo V Nivel 9
Técnico de Atención á Infancia	2	Completa	Grupo III Nivel 5
Técnico Normalización Lingüística	1	Completa	Grupo I Nivel 1
Tractorista operario	3	Completa	Grupo VI Nivel 8

Terceiro: Aprobar a publicación do presente decreto así como das bases reguladoras xerais que rexerán as convocatorias específicas das prazas obxecto de estabilización, que son aprobadas co presente acordo. Dita publicación realizarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello da Baña.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I

BASES XERAIS QUE REGULARÁN AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DA BAÑA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022.

Expte. TEDEC: 2022/X999/000011.

PRIMEIRA.- CONTIDO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Estas Bases Xerais teñen por obxecto regular as convocatorias para cubrir as prazas de traballo que estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro do 2016, de conformidade coas Disposicións Adicionais Sexta e Oitava, da Lei 20/2021 de 28 de decembro de 2021, relativas ao proceso excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

As especialidades de cada proceso selectivo: natureza e características dos postos, requisitos de titulación e sistemas de selección e calificación a través de concurso, serán obxecto de regulación nas bases específicas de cada convocatoria.

SEGUNDA.- PRAZAS A CONVOCAR.

As prazas vacantes que rexerán estas Bases Xerais son as previstas na oferta de emprego público extraordinaria 2022 para a estabilización de emprego temporal de longa duración, aprobada por Resolución de Alcaldía do 16/05/2022.

Previamente á publicación de cada convocatoria, informarase ós/ás traballadores/as afectados/as polo proceso de estabilización mediante o que se vai a convocar a súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Persoal laboral:

DENOMINACIÓN DAS PRAZAS	NÚMERO DE PRAZAS	TIPOS DE XORNADA	CATEGORÍAS
Administrativo de contabilidade	1	Completa	Grupo II Nivel 4
Animadora cultural	1	Parcial	Grupo I Nivel 2
Animador deportivo	1	Completa	Grupo 3 Nivel 2
Auxiliar administrativo	3	Completa	Grupo II Nivel 7
Auxiliar de Axuda no Fogar	2	Completa	Grupo C Auxiliar Axuda a domicilio
Auxiliar de Axuda no Fogar	5	Parcial	Grupo C Auxiliar



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

			Axuda a domicilio
Condutor Servizos Sociais	1	Completa	Grupo VI Nivel 8
Educadora Familiar	1	Completa	Grupo I Nivel 1
Limpadora	2	Completa	Grupo VI Nivel 10
Profesor de música	2	Parcial	Grupo III Nivel 5
Responsable Oficina de Información Xuvenil	1	Completa	Grupo I Nivel 2
Subalerno colexio	1	Completa	Grupo V Nivel 9
Subalerno polideportivo	1	Completa	Grupo V Nivel 9
Técnico de Atención á Infancia	2	Completa	Grupo III Nivel 5
Técnico Normalización Lingüística	1	Completa	Grupo I Nivel 1
Tractorista operativo	3	Completa	Grupo VI Nivel 8

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Con carácter xeral, para seren admitidos nestes procesos extraordinarios de estabilización de emprego, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condición de obter o título académico esixido nas bases específicas para o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.

e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar, que se concretará nas bases específicas. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento que en ningún caso computará como mérito e que se realizará ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia. A proba de coñecemento de lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento de lingua galega correspondente, deberá someterse á referida proba de galego cos mesmos efectos expostos con anterioridade.

g) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data do seu nomeamento como persoal laboral fixo.

CUARTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección para a estabilización das distintas prazas será o de concurso.

2. En dito concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes.

3. O sistema de valoración de méritos (criterios) especificaranse nas bases específicas correspondentes en consonancia cos criterios xerais fixados nas presentes bases.

QUINTA.- SOLICITUDES.

1. As persoas que desexen tomar parte no proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello da Baña deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía de dito Concello, cos datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle unha fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados.

2. Neste senso, no devandito concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

3. Para ser admitido neste proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación. No caso do requisito de coñecemento da lingua galega, a instancia de solicitude contará cun apartado onde indicar a acreditación a través de título previo ou a necesidade de acreditación a través de proba non puntuable ós efectos de cómputo de méritos.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

4. As bases específicas incluírán o modelo de solicitude.

5. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas. No caso de esixencia de habilitacións profesionais deberá acreditarse co correspondente certificado expedido polo organismo competente.

6. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado, de acordo co disposto no artigo 97 da Lei //1985.

7. A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello da Baña ou a través da sede electrónica do Concello da Baña (<https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/index.html>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax (981886616) ou e-mail (correo@concellodabana.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

8. As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

9. Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

10. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SEXTA.- DEREITOS DE EXAME.

Non se establecen taxas pola participación no presente proceso de estabilización de emprego.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

3. Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo.

4.- En consonancia co artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, reservarase un cupo non inferior ó sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de tal xeito que progresivamente se acade o dous por cento dos efectivos totais en cada Administración Pública.

Adoptaranse as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo de estabilización e, unha vez superado dito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. Os membros dos tribunais cualificadores serán designados pola Alcaldía segundo o artigo 60 do TREBEP.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, en virtude do disposto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

7. Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9. A partir da sesión de constitución de cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

11. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.

NOVENA.- ÁMBITO TEMPORAL.

As convocatorias dos procesos de estabilización de emprego temporal de longa duración deberán ser previos ó 31 de decembro de 2022.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A resolución destes procesos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Todo elo de conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

DÉCIMA.- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS.

O sistema selectivo será o concurso de méritos.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO.

O concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes. Os méritos alegados polos aspirantes deberán xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas.

A puntuación máxima desta fase será de 100 puntos, a valorar na forma que se describa nas bases específicas correspondentes. Valoraranse con carácter xeral os seguintes criterios:

a) Experiencia profesional:

- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados no ámbito dunha Entidade Local, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,90 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.
- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas, distintas dunha Entidad Local, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,60 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.
- Por cada mes completo, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados en empresa pública en posto igual ou similar ó que se opta, que deberán ser



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

suficientemente acreditados a través de certificado de cotizacións á Seguridade Social (informe de vida laboral) e contratos. Puntuación: 0,20 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.

Ós efectos das presentes bases por servizos prestados entenderanse os realizados en virtude de contrato laboral ou relación administrativa. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

A máxima puntuación a obter neste apartado a) é de 70 puntos.

b) Formación non académica:

- Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación, recibidos e/ou impartidos, acreditados ata a data de publicación desta convocatoria, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do Corpo ó que se pretende acceder e que teñan sido convocados, impartidos ou homologados polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros Institutos de Administración Pública ou por Organizacións Sindicais ou outros axentes promotores dentro do marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas, así como polo INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados coas funcións propias da categoría:
 - Menos de 10 horas de duración: 5,00 puntos.
 - De 10 a 39 horas de duración: 10,00 puntos.
 - De 40 a 49 horas de duración: 20,00 puntos.
 - De 50 horas ou máis: 30,00 puntos.
 - linguaxe administrativo medio: 5,00 puntos.
 - linguaxe administrativo superior: 10,00 puntos.

En tódolos casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo, non se valoraran os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A documentación que acredite os cursos de formación a valorar acompañarase ó certificado de requisitos e méritos.

A máxima puntuación a obter neste apartado referido á formación non académica é de 30,00 puntos.

c) Formación académica

- Título: Acreditacións académicas oficiais, que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ó proceso de selección e que se relacionen co campo de acción da praza a estabilizar, a puntuación que corresponde neste apartado será, por titulacións distintas a mencionada:
 - Titulación académica superior ó nivel requirido para o acceso ó proceso selectivo de estabilización: 5,00 puntos.

A máxima puntuación neste apartado referido á formación académica é de 5,00 puntos.

A máxima puntuación a obter no conxunto dos apartados b) referido á formación non académica e c) referido á formación académica, é de 30,00 puntos.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación do concurso para formular alegacións.

DÉCIMO SEGUNDA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e na páxina web da corporación.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito, sen prexuízo do establecido na Base Décimo Sexta.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os seguintes criterios na seguinte orde e sucesivamente:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Antigüidade na praza á que se refire a convocatoria.
- De manterse o empate aplicando o criterio anterior, acudirase ó cómputo do maior número de horas ou créditos homologados en formación.
- De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudirase ó sorteo.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes que resulten contratados quedarán sometidos ó réxime de incompatibilidades vixente e non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados.

DÉCIMO CUARTA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES PROPOSTOS PARA O NOMEAMENTO.

A relación de aprobados, publicada nos taboleiros de anuncios do Concello da Baña, e ós sós efectos informativos, na páxina web municipal, conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos para o nomeamento que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ó posto convocado.

Os aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
- c) Certificado médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.
- f) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- g) Documento acreditativo de conta bancaria.
- h) Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

DÉCIMO QUINTA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Concluído o proceso selectivo da estabilización, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados persoal laboral fixo, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

A toma de posesión e formalización do preceptivo contrato de traballo efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes.

DÉCIMO SEXTA.- FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, non fosen nomeados coma persoal laboral fixo, poderase confeccionar unha listaxe de contratación, coa condición de persoal laboral temporal, para a cobertura de posibles baixas por incapacidade temporal, vacacións, renuncia ou outras continxencias, ou para cubrir outras necesidades que poidan xurdir sempre que concorran algunha das circunstancias descritas nos artigos 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e sempre de conformidade coa normativa laboral de aplicación.

A listaxe de contratación funcionará do seguinte xeito:

- Terá vixencia ata que se derogue expresamente.
- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados coma persoal laboral temporal, unha vez rematada a cobertura, retomará ao posto que lle corresponda na lista.
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar ao seguinte candidato segundo a orde de prelación no caso de que non se puidese realizar o contacto. O empregado público que realice o chamamento farao constar



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir interinamente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con el se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.

- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida na Base Décimo Cuarta.

- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ao seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica.

- O aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista mediante resolución da Alcaldía. Considéranse coma causas xustificadas:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).

En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe.

O efectivo funcionamento da listaxe estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

Unha vez presentada a documentación establecida na Base Décimo Cuarta, ditarase resolución da alcaldía na que se aproba ao aspirante seleccionado/a para o seu nomeamento.

A persoa seleccionada deberá tomar posesión no prazo máximo de dous días hábiles contados dende o día seguinte da notificación da resolución, debendo previamente, prestar xuramento ou promesa do seu cargo, de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

DÉCIMO SÉTIMA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

Estas Bases Xerais vincularán ó Concello da Baña, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

DÉCIMO OITAVA.- INCIDENCIAS.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

DÉCIMO NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO.

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas Bases Xerais e as específicas de cada unha das convocatorias e, no non previsto nestas, polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, no que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, de 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, no que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); polo Decreto 95/1991, de 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

En virtude do disposto na disposición adicional primeira os procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local rexeranse polo disposto no artigo 2 da Lei 20/2021. Non serán de aplicación a estes procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

VIXÉSIMA.- DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP.”

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.